



PLAN DIXITAL

EEI O AREAL

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

EEI O AREAL

Rúa Areas, 53 - Santa Cristina da Ramallosa

CP 36393

Teléfono 886 110 151

Correo electrónico: eei.oareal@edu.xunta.es

<https://www.edu.xunta.gal/centros/eeioareal/>

O noso centro consta de 3 niveis educativos de educación infantil, cun total de 58 alumnos e alumnas repartidos do seguinte xeito:

- 4º de Educación Infantil: 16 alumnos/as.
- 5º de Educación Infantil: 22 alumnos/as.
- 6º de Educación Infantil: 20 alumnos/as.

O catálogo da nosa escola está formado por:

- Catro (4) mestras de Educación Infantil.
- Unha (1) mestra de Audición e linguaxe.
- Unha (1) mestra de lingua inglesa.
- Unha (1) mestra de relixión católica con centro base no CEIP de Belesar que imparte 3 horas de relixión na escola.
- Unha (1) orientadora compartida co CEP de Sabaris, que presta servizos no centro unha xornada e media.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro encóntrase en Santa Cristina da Ramallosa, unha parroquia da localidade pontevedresa de Baiona, sendo a única escola pública de educación infantil. O alumnado procede das distintas localidades da parroquia e concellos estremeiros. Debido ao carácter turístico de Baiona tamén contamos con alumnado de outras partes de España e do estranxeiro. A maioría das familias do alumnado que acode ao colexio ten un status socioeconómico medio ou medio-baixo e as expectativas de traballo na parroquia xiran principalmente en torno ao sector servizos, practicando tamén agricultura de subsistencia. O nivel de estudos das familias, en moitos casos, non supera os estudos de graduado en E.X.B. ou E.S.O., aínda que está a aumentar a porcentaxe que ten estudos universitarios ou superiores.

O PD debe encaixar, pois, neste contexto, que ven recollido, principalmente no Proxecto educativo, estando en total consonancia e sendo complementarios. Posto que somos un centro de educación infantil non contamos con programas de innovación de novas tecnoloxías, pero recolleemos o uso das novas tecnoloxías no PLAMBE, na dinamización da lingua galega, en Voz Natura, recollido todo no programa do equipo de dinamización das TIC.

O curso 2022/2023 se terá en conta á hora de elaborar a Programación Xeral Anual e os plans que integra o uso das novas tecnoloxías e os obxectivos marcados neste plan, de forma que se complementen.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Dado que o noso centro é unha EEI, temos en conta para a elaboración do plan dixital do centro a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

A organización para a elaboración do plan dixital ó longo do curso 2021-2022 se estableceu a través de reunións quincenais/mensuais (dependendo das necesidades da tarefa) os martes pola tarde en horario de obrigada permanencia no centro. Nelas, o equipo de dinamización do PD fomos establecendo e pondo en común as directrices para que logo cada membro, no seu tempo de gardas, puidera ir traballando e buscando información para por en común. Por outro lado, foi indispensable a asistencia ás formacións proporcionadas a través do PFPP para elaborar cada paso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- En canto á infraestrutura dixital do centro: contamos con conectividade a internet (tanto por cable como inalámbrica/ wifi), teléfono (dúas liñas) e fax.
- O equipamento dispoñible de uso do alumnado é de 3 tabletas por aula (9 en total) e 2 ordenadores por aula (6 en total). Así e todo contamos en cada aula con ordenador e pizarra dixital interactiva conectada ao mesmo. En canto aos equipos de xestión e administración existe un ordenador para a dirección, una fotocopiadora de branco e negro e 2 ordenadores para o profesorado. A biblioteca consta con un ordenador e unha tableta.
- En canto aos servizos dixitais educativos corporativos contamos coa páxina web do centro, a aula virtual e Abalarmóbil.
- O mantemento do equipamento do centro é levado a cabo pola Asesoría Abalar Tui e a UAC.

- Podemos encontrar no seguinte enlace o Plan de continxencia, estreitamente relacionado con este plan.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Infantil
A -Liderado	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	2.8
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	3.8
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	3.8
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	2.5
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.5
	Profesorado	2.6

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	5	6	83,3%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
61.4	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test	Nivel de competencia	Puntuación media do test	Nivel de competencia en
--	--------------------------	----------------------	--------------------------	-------------------------

	(sobre 192)		en Galicia (sobre 192)	Galicia
Inf.	61,4	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	4	57,1%
B1	3	42%
B2		
C1		
C2		
TOTAL	7	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2- Dispositivos dixitais para o ensino. C3- Acceso a internet. C7- Protección de datos C14- Espazos físicos.	Características do software instalado nos equipos.
	PERSOAL DOCENTE	D1- Necesidades de DPC. E1- Recursos educativos en liña. E4- Comunicación coa comunidade educativa. Participación no DPC a través de PFPP para aprender novas modalidades do uso da tecnoloxía dixital. F4-Inclusión do alumnado.	Participación do profesorado en redes colaborativas profesionais. Diversidade da competencia dixital
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS	Apoio das familias para o uso de ferramentas de comunicación corporativas (en especial abalar)	Falta de feedback e participación en caso de ensinanza dixital (cuarentena ou similar).
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3- Novas modalidades de ensino	A1- Estratexia dixital A4- Tempo para explorar o ensino dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C5- Asistencia técnica. C8- Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. D2- Participación no DPC. Impulso dos plans dixitais.	A4-Tempo para explorar a ensinanza dixital C10- Dispositivos para o alumnado.
	LEXISLACIÓN	Apoio do desenvolvemento dunha estratexia dixital.	
	CONTORNA	Uso de plataformas de internet para amosar as actividades pedagóxicas que se realizan no centro.	Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	B3-Colaboracións	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: B- Colaboración e redes						
OBXECTIVO 1:	Promover a participación do profesorado nunha rede colaborativa profesional onde comparta material				Acadado	
Responsable:	Coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Cantidade de material compartido na rede e número de persoas activas.					
Valor de partida:	Ningunha participación na aula virtual para compartir material entre o profesorado.					
Valor previsto e data:	3 persoas activas na aula virtual e mínimo de 9 arquivos con material dixital			Ao remate do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación dun curso na aula virtual do centro para compartir material entre o profesorado.	Coordinadora TIC	Setembro 2022	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Reunión do profesorado onde se explique o funcionamento e finalidade deste curso establecendo un mínimo de	Coordinadora TIC	Primeiro trimestre	Aula virtual do centro Acta de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Publicación de materiais dixitais na aula virtual para compartir entre o profesorado.	Equipo docente	Xuño 2023	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: A- Liderazgo						
OBXECTIVO 2:	Establecer no horario un tempo fixo dedicado á mellora da competencia dixital (MinuTICs) a través da				Acadado	
Responsable:	Dirección do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de ferramentas dixitais compartidas entre o profesorado					
Valor de partida:	Non existe ningunha ferramenta dixital de traballo co alumnado que coñeza todo o profesorado					
Valor previsto e data:	6 ferramentas/apps/programas coñecidos e utilizados por todo o			Todo o curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Establecer 15 min. semanais adicados á tutorización entre profesorado no horario de obrigada permanencia chamado MinuTICs	Dirección Inspección	Setembro	Visto bo da inspección		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Reunión para establecer as aplicacións que coñece cada profesora e facer un programa anual	Dirección	Setembro	Acta da reunión Programación anual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Desenvolvemento das sesións de formación interna unha vez establecido o horario.	Dirección	Xuño 2023	Ordenador e PDI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B- Colaboración e redes						
OBXECTIVO 3:	Promover a participación das familias por medio dunha maior actividade na aula virtual e outras accións a través dos medios corporativos.				Acadado	
Responsable:	Dirección e coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de participación das familias a través da aula virtual					
Valor de partida:	Ningunha participación activa na aula virtual por parte das familias.					
Valor previsto e data:	Un 30% de participación activa das familias na aula virtual			Ao remate do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Creación dun curso na aula virtual onde se compartan actividades coas familias.	Coordinadora TIC	Outubro 2022	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Establecer reunións trimestrais para programar un calendario de actividades para compartir coas familias na aula virtual.	Dirección	Primeiro trimestre curso 2022-2023	Acta das reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Enviar unha enquisa ás familias a principio e final de curso para comprobar que hai un aumento na participación.	Coordinadora TIC	Xuño 2023	Ferramentas corporativas da Xunta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B- Colaboración e redes						
OBXECTIVO 4:	Establecer unha estratexia para a xestión seguimento do plan dixital.				Acadado	
Responsable:	Dirección e coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de persoas implicadas no EPD					
Valor de partida:	Só a directora e a coordinadora TIC					
Valor previsto e data:	50% de participación			Ao remate do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Reunión trimestral do profesorado para facer fincapé na importancia do Plan dixital e establecer unha estratexia de participación do profesorado e seguimento do mesmo.	Dirección	Xuño 2023	Convocatoria Acta da reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Incentivar que dentro do horario de obrigada permanencia no centro e gardas, cando haxa tempo, se dedique (polo menos media hora semanal) á exploración e creación de materiais didácticos con actividades con contido	Dirección	Primeiro trimestre curso 2022-2023	Acta das reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Nutrir a aula virtual de recursos dixitais propios.	Directora e Coordinadora TIC	Xuño 2023	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente
--	--	--	--	--	-----------------

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto ás necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas encontrámonos con dúas necesidades a nivel equipamento. Por un lado, o alumnado conta con 3 tabletas por aula, considerando necesaria a implantación escalonada (por aula) de tabletas para todos e todas. Isto xorde pola necesidade de facer traballos de aula no que cada un poda contar co seu dispositivo móbil e tamén ten a súa importancia de cara a unha posible nova situación de ter que seguir cunha ensinanza virtual (moitos alumnos e alumnas non dispoñen de dispositivos ou medios na casa), de forma que podan levar o dispositivo para a súa casa e poder seguir as clases.

Por outro lado, a fotocopiadora do centro é de branco e negro, posto que somos un centro de infantil e traballamos por proxectos, é dicir, elaboramos nos todo o material que se utiliza, necesitamos cambiar esta por unha a cor. Mercamos co diñeiro do centro unha pequena pero non está preparada para o nivel de traballo que se necesita, e non temos sitio para mercar e colocar unha nova como a que temos de branco e negro a nivel profesional xa que non obtemos resposta ao solicitar a retirada da mesma. Por este motivo, é continua a saída do centro a copisterías fora do horario de traballo para poder traer o material necesario cando precisamos algo a cor, en outras ocasións, cando temos apuro, ten que ir en branco e negro.

4. Avaliación do plan

Para o seguimento do desenvolvemento do plan dixital e da consecución dos obxectivos plantexados se establecerá o seguinte procedemento:

- Por un lado, no contexto da avaliación procesual, realizarase unha avaliación por trimestre na reunión establecida para o equipo de dinamización do plan dixital os martes pola tarde. Se valorarán aspectos coma o estado da

execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- Por outro lado realizarase unha avaliación final do plan ao finalizar o curso valorando o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión deste plan á comunidade educativa realizarase por diferentes vías.

A principal vía será a través da páxina corporativa do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/eeioareal/> onde se creará unha ligazón para que todos os membros que integran a comunidade educativa poidan acceder dun xeito rápido.

No noso centro, tamén existirá unha copia en papel para que aqueles que o desexen poidan consultalo.

Na aula virtual, dispoñemos dun apartado onde se agrupa toda a documentación de interese para as familias, o que se converte noutra vía máis de difusión do plan.

Estas tres vías en canto á lectura e consulta do plan.

Pero o medio máis importante para a difusión do mesmo, será a súa posta en práctica, publicando os logros acadados nos diferentes medios virtuais cos que traballamos (páxina web, aula virtual, etc.); facendo partícipe ás familias nas novas formas de comunicación y transmisión da información e favorecendo ao profesorado boas prácticas en medios tecnolóxicos e audiovisuais.